ROSA MARIA LAGE CANOURA (1 para 1)
Axente de emprego e desenvolvemento local
Data de Sinatura: 23/10/2026
HASH: 4195027ccc1c78891859b3f33f01a355

EXPEDIENTE Nº: 1248/2026

PROCEDEMENTO: CONVOCATORIA DO III MERCADO DE NADAL – O FAIO DE GENEROSA 2026

DOCUMENTO ASINADO POR: A AXENTE DE EMPREGO E DESENVOLVEMENTO LOCAL

CONVOCATORIA DE PARTICIPACIÓN NO III MERCADO DE NADAL – O FAIO DE GENEROSA 2026.

O FAIO DE GENEROSA - Mercado de Nadal de Xove quere poñer en valor o talento e a calidade das pequenas empresas de Xove e da zona, así como fomentar que o comercio local sexa a primeira opción á hora das compras de Nadal.

ORGANIZACIÓN, LUGAR, DATAS DE CELEBRACIÓN E HORARIO

A o departamento de Emprego e Desenvolvemento Local do Concello de Xove organiza O FAIO DE GENEROSA - III Mercado de Nadal de Xove, que terá lugar na Oficina de Turismo, o 12 e 13 de decembro de 2026.

O horario de apertura do mercado será:

Sábado 12 de decembro: de 11h a 14:00h e 17h a 20h.

Domingo 13 de decembro: de 11h a 14:00h e 17h a 21h.

PARTICIPACIÓN E CARACTERÍSTICAS

Requisitos xerais de participación

- PRIORIDADE 1: ARTESANÍA/CREACIÓN PROPIA:

  - Poderán participar persoas artesás con capacidade para exhibir e vender pezas que sexan producidas de forma artesanal e sexan de autoría propia.

  - Así mesmo tamén poden participar persoas creadoras, artistas pola súa vertente de creatividade e deseño; artistas plásticos, gráficos, dixitais, xoguetes, gastronomía, moda e teñan capacidade para exhibir e vender pezas suficientes e que a creación sexa autoría propia e a distribución sexa a pequena escala.

- PRIORIDADE 2: PEQUENO COMERCIO: Tamén poderán participar pequenos comercios que conten con produto susceptible de agasallo de Nadal e teñan capacidade para exhibir e vender pezas suficientes e a distribución sexa a pequena escala.

En todos os casos, as persoas participantes deberán ser maiores de 18 anos e poderán ser de calquera nacionalidade residan ou non en España.

Cod. Validación: 4E7ZK7ZAEA4LZJ6EQHPEHY5KF
Corrección: https://xove.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 4

O Concello de Xove disporá a sala de exposicións da Oficina de Emprego aportando mesas e/ou stands para que cada persoa empresaria poda colocar o seu produto. So poderán ter unha mesa/stand por empresa solicitante.

A participación no O FAIO DE GENEROSA-Mercado de Nadal será gratuíta.

SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN E PRAZO

Poderán solicitar a participación aquelas persoas que ademais de cumprir os requisitos de participación estean dadas de alta no réxime de autónomos ou réxime correspondente e na actividade que lle corresponda.

Os documentos a achegar, xunto coa solicitude, serán os seguintes:

- Memoria descritiva da actividade que inclúa fotografías dos produtos a expoñer. Na memoria descritiva detallárase pezas e obra a expoñer, proceso de produción completo, materiais a empregar, grado de dificultade, curriculum, grado de innovación e deseño do produto, ano de comezo da actividade, e toda aquela información que se considere salientar a efectos de valorar a solicitude.
- Copia DNI ou C.I.F.
- Copia da última cota pagada do réxime de autónomos ou correspondente
- Certificado de epígrafes do I.A.E no apartado correspondente, no caso de non obrar no Departamento de Emprego e Desenvolvemento Local do Concello de Xove.
- Rexistro sanitario, no caso de que sexa necesario para exercer a actividade.
- Non será precisa a presentación da documentación anterior para o caso de constar xa presentada no concello de Xove.

O PRAZO para a solicitude de participación estará aberto desde o 27 de outubro ás 09:00 h. ata o 10 de novembro de 2026 ás 14:00 h. Con carácter xeral, segundo se establece no artigo 14 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas as persoas xurídicas terán a obriga de relacionarse electrónicamente coas Administracións Públicas, polo que se deberá presentar a solicitude a través da sede electrónica do Concello de Xove e polo que respecta as persoas físicas poderán elixir como comunicarse co concello e ben poderá ser través de medios electrónicos ou mediante a presentación directa no Rexistro de entrada do Concello. Este prazo poderá variarse tendo en conta as circunstancias que afecten ao bo desenvolvemento do Mercado de Nadal.

SELECCIÓN

Cod. Validación: 4E7ZK7ZAEA4LZJ6EQHPEHY5KF
Corrección: https://xove.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 4

Disponse un total de 8 prazas para postos do Mercado de Nadal. No caso de ser necesario, cando o número de solicitudes supere os postos dispoñibles, establecerase a orde de prelación seguinte:

- Establécese a prioridade descrita nos requisitos xerais de participación.

- Así mesmo terán preferencia as empresas con domicilio fiscal en Xove, que se aplicará tanto na prioridade 1 coma na 2.

- Os postos iranse asignado por orde de entrada e segundo o sistema de prelación antedito.

O recibidor da Oficina de Turismo poderá ser ocupado con actividades empresariais relacionadas coa venta de doces, bolos, chocolates e produtos similares. Así mesmo neste espazo poderá colocarse material decorativo e de atrezzo, susceptible ou non de compra ou ben con Información Turística do Concello de Xove ou actividades empresariais constituídas como tal e relacionadas coa promoción turística do municipio.

Este mercado poderá ser anulado por causas de forza maior como pode ser debido a razóns sanitarias.

No caso de que haxa postos dispoñibles, por renuncia ao mesmo, poderá chamarse ao seguinte da lista de agarda pola orde establecida na aplicación dos criterios de selección.

NORMAS DE PARTICIPACIÓN

Todas as persoas que soliciten a participación aceptan as condicións de funcionamento dos eventos.

- O mercado levarase no interior da Oficina Municipal de Turismo.
- A montaxe será na mañá do sábado 12 de decembro ás 09:00 da mañá.
- A desmontaxe será o domingo 13 de decembro unha vez finalizado o mercado.
- A apertura do mercado será o día 12 de decembro ás 11:00h, polo que deberán estar todos os postos dispoñibles para abrir ao público.
- A organización poñerá a servizo das persoas participantes: mesas de pregar (2,00mx0,90m), mesas auxiliares e cadeiras, iluminación e toma de luz.
- Os stands serán asignados pola organización do mercado.
- O espazo quedará pechado fóra do horario de apertura, polo que as persoas expositoras poderán deixar o produto exposto ata o remate do mercado.

Cod. Validación: 4E7ZK7ZAEA4LZJ6EQHPEHY5KF
Corrección: https://xove.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 4

Cada persoa expositora comprométese a:

- Colocar o stand asignado e cubrir a mesa cunha tea branca para manter unha estética similar, así coma a non invadir o espazo asignado a outra empresa nin os espazos de separación e paso.

- Responsabilizarase dos produtos expostos no seu stand durante a celebración do mercado.

- Que o seu stand estea debidamente atendido durante o horario establecido.

- Garantir a presenza variada e un número suficiente de produtos, representativos e acreditados na instancia da solicitude.

- Non realizar promocións comerciais tales como ofertas, liquidacións, rebaixas, saldo dous por un e similares.

- Cada creador/artesán/comerciante deberá atender persoalmente o seu stand ou informar (a través do correo aedl@xove.es) dos datos da persoa responsable designada para acompañalo)

- Expor o seu proxecto emprendedor na visita guiada polos postos que terá lugar coincidindo coa inauguración do mercado o sábado ás 11:00 horas.

- Participar na confección de promocións conxuntas que se realicen durante a celebración do Mercado propostas polos propios participantes.

O incumprimento destas normas poderá dar lugar á expulsión do participante e ao peche do stand correspondente, non tendo dereito o participante expulsado a ningún tipo de indemnización.

ORGANIZACIÓN

- No uso das súas competencias, a Organización, poderá adoptar as medidas que considere oportunas para o correcto desenvolvemento do Mercado de Nadal.

- A Organización resérvase o dereito de fotografar e filmar stands e produtos expostos nos mesmos.

- A organización non se fai responsable, de roubo ou desperfectos das pezas. A organización ten contratada unha póliza de Responsabilidade Civil.

Cod. Validación: 4E7ZK7ZAEA4LZJ6EQHPEHY5KF
Corrección: https://xove.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 4